

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Abril 2025

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2025

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2025

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia, no mes de abril de 2025, un incremento do 2,9% con respecto ao mesmo mes do ano anterior. En España o aumento foi do 3,6%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,5%; no Resto de produtos creceron un 0,5%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 2,1% en Galicia en abril de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España medra un 3,1%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,2% en Galicia e do 1,2% en España.




## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes crece un 2,9% en Galicia en abril de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 3,6% en España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 1,8% en Galicia e un 3,2% en España respecto a abril de 2024. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 3,5% en Galicia e un 4,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 0,5% en Galicia e un 2,4% no conxunto do país.

**Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes.  
Taxa de variación interanual (%)**



Nos catro primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,6% en Galicia, un punto menos que en España (2,6%). Rexístrase un incremento das vendas en Alimentación (2,1% en Galicia e 3,0% en España). No Resto de produtos o crecemento é do 0,1% en Galicia e do 2,6% en España.


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Comunitat Valenciana (6,9%) e Cantabria (6,7%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Murcia (4,6%) e País Vasco (4,5%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2025

#### Taxas de variación (%)



■ Interanual ■ No que vai de ano

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,1% en Galicia no mes de abril de 2025, e un 3,1% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 2,3% en Galicia e do 4,0% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 4,0% e no Resto de produtos un 0,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 6,2% nas vendas en Alimentación e do 2,3% no Resto de produtos.

Nos catro primeiros meses do ano, o índice medra un 1,5% en Galicia e un 2,9% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 3,0% en Galicia, menos que en España (4,6%). As vendas no Resto de produtos aumentan en Galicia (0,3%) e en España (2,6%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,2% no mes de abril en Galicia e do 1,2% no conxunto do España.


No que vai do ano, a ocupación medra un 0,6% en Galicia e un 1,2% en España.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Navarra (2,9%), Illes Baleares (2,2%) e Canarias (2,0%).

##### Índice xeral de ocupación. Abril 2025

###### Taxas de variación (%)



No acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Illes Baleares (2,8%) e Canarias (2,7%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Asturias (-0,2%) e Extremadura (-0,2%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conjunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das ventas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comarca autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueros; nin automóbiles, outros vehículos, repuestos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueros; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repuestos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueros; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repuestos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflator.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>						
Xeral	119,4	2,1	1,5	99,4	2,9	1,6
Xeral sen estacións de servizo	118,6	2,3	1,4	97,3	1,8	0,9
Alimentación	124,6	4,0	3,0	95,8	3,5	2,1
Resto	114,1	0,9	0,3	101,8	0,5	0,1
<b>España</b>						
Xeral	126,9	3,1	2,9	105,5	3,6	2,6
Xeral sen estacións de servizo	126,8	4,0	3,5	104,2	3,2	2,6
Alimentación	132,9	6,2	4,6	101,6	4,7	3,0
Resto	122,3	2,3	2,6	111,1	2,4	2,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>						
Xeral	123,7	1,7	1,9	103,8	2,5	2,2
Xeral sen estacións de servizo	123,6	2,3	2,3	101,9	1,5	1,6
Alimentación	128,2	3,9	3,7	98,2	3,1	2,7
Resto	120,6	1,2	1,0	108,6	0,8	0,8
<b>España</b>						
Xeral	131,6	3,7	3,5	109,9	4,0	3,5
Xeral sen estacións de servizo	131,8	4,7	4,2	108,8	3,5	3,2
Alimentación	136,0	5,5	5,0	104,4	3,8	3,7
Resto	128,6	4,0	3,4	117,7	4,1	3,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

**Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>126,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,9</b>	<b>105,5</b>	<b>3,6</b>	<b>2,6</b>
Andalucía	130,2	3,1	3,1	108,2	3,8	2,9
Aragón	120,8	3,6	2,5	99,9	4,0	2,0
Asturias	118,9	1,8	1,0	98,6	2,1	0,5
Baleares, Illes	137,9	4,4	3,5	114,2	4,2	2,6
Canarias	139,3	2,7	3,0	116,5	3,3	3,1
Cantabria	127,5	6,2	3,6	106,0	6,7	3,4
Castilla y León	120,8	2,1	1,9	99,2	2,6	1,6
Castilla-La Mancha	127,4	4,1	3,9	104,3	5,2	3,9
Cataluña	123,8	2,9	2,8	103,4	3,5	2,5
Comunitat Valenciana	129,8	6,5	3,4	108,2	6,9	3,2
Extremadura	123,0	2,0	1,1	101,5	2,4	1,0
<b>GALICIA</b>	<b>119,4</b>	<b>2,1</b>	<b>1,5</b>	<b>99,4</b>	<b>2,9</b>	<b>1,6</b>
Madrid	127,4	0,2	2,1	107,0	1,0	1,9
Murcia, Región de	122,1	4,1	4,5	101,6	5,0	4,6
Navarra	122,5	2,7	2,5	100,4	2,7	1,8
País Vasco	123,7	5,0	5,8	101,6	4,4	4,5
Rioja, La	124,0	4,0	3,3	102,3	4,7	3,2
Ceuta	126,0	5,4	5,4	102,7	4,8	3,5
Melilla	117,2	4,1	3,1	95,8	3,9	2,2

Fonse:INE

**Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	102,9	0,2	0,6
Xeral sen estacións de servizo	102,6	0,1	0,4
<b>España</b>			
Xeral	105,7	1,2	1,2
Xeral sen estacións de servizo	105,8	1,2	1,2

Fonse:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.**  
**Abril 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>105,7</b>	<b>1,2</b>	<b>1,2</b>
Andalucía	108,0	1,0	1,7
Aragón	101,6	1,6	1,4
Asturias	98,6	0,1	-0,2
Balears, Illes	114,3	2,2	2,8
Canarias	111,6	2,0	2,7
Cantabria	103,2	1,7	1,2
Castilla y León	102,5	1,0	0,7
Castilla-La Mancha	107,0	1,9	2,2
Cataluña	102,6	0,8	0,5
Comunitat Valenciana	105,7	1,8	0,8
Extremadura	103,6	0,1	-0,2
<b>GALICIA</b>	<b>102,9</b>	<b>0,2</b>	<b>0,6</b>
Madrid	109,3	1,7	1,5
Murcia	100,1	1,1	0,5
Navarra	105,0	2,9	2,5
País Vasco	102,9	0,5	0,8
Rioja, La	102,0	1,8	1,4
Ceuta	100,0	0,8	0,2
Melilla	100,8	1,6	0,3

Fon te:NE